



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para promover e potenciar o galego a través da Revista Dorna.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela para ofrecer unha canle editorial aos autores e autoras noveis con arelas no cultivo lírico da lingua galega, contribuíndo á difusión da citada revista nos Centros de Estudos Galegos en universidades estranxeiras. As partes colaboraron na realización dun programa de actuacións para potenciar o fomento e a difusión do idioma galego a través da Revista *Dorna. Expresión poética galega*, que realiza esta universidade.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

Ambas as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, concretamente no artigo 20.2, establece que o Goberno galego estimulará as manifestacións culturais feitas en lingua galega. Que no ámbito da administración autonómica galega, correspóndelle, á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaria Xeral de Política Lingüística, as competencias en materia de política lingüística.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado, por unanimidade, do Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivo da



área de promoción da lingua no exterior o impulso e proxección da lingua e da literatura galegas fóra de Galicia como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.

Tratase de difundir a Revista *Dorna* nos Centros de Estudos Galegos en universidades estranxeiras, contribuíndo á difusión da lingua e a cultura galegas en todo o mundo a través da dotación das bibliotecas dos centros, que o Instituto Cervantes ten repartidos por todo o mundo .

Que a imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver pola citada universidade ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

